

**Acta núm. 06/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 26 de marzo de 2024.**

ASISTENTES:

José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.

Non asisten:

Sandy Marie Cebral Gómez.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 26 de marzo de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2024, DO 05/03/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) MODIFICACIÓN DE COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2024, DO 05/03/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 05.03.2024, acta núm. 05/2024.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jesús Conde García, que di actuar en representación de CARMEN MARÍA ARCEO TUÑEZ, na que comunica que vai facer obras de rehabilitación da cuberta tradicional segundo o documento técnico asinado en data 05.02.2024 polo arquitecto Jesús Conde García, nunha vivenda sita no lugar de Brans de Abaixo nº 19-Brión, consistentes en:

- Retirada da cobertura actual (tella e fibrocemento), así como os pontóns e ripas de madeira que conforman a subestrutura da cuberta e que se atopan en mal estado de conservación, mantendo a estrutura principal da mesma conformada por unhas "cerchas" de madeira, e a súa volumetría actual.
- Instalar sobre as "cerchas" un taboleiro de madeira, unha capa illante de 35 mm. de espesor e unhas ripas sobre os que se vai ancorar o material de cobertura (tella cerámica).

A parcela (referencia catastral 7162525NH2476N0001ST) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM. A parcela está afectada

pola proximidade dun ben de interese cultural, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 856,03 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 920,60 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Isabel Suárez Prol, que di actuar en representación da Comunidade de Propietarios Devesa da Gándara bloque 2, nº 4, na que comunica que vai facer obras de mantemento no edificio de vivendas consistentes en:

- Limpeza de cuberta, canalóns e chemineas, con auga a presión.
- Limpeza con máquina hidrolimpadora das fachadas, sellado de partes deterioradas e posterior capa de morteiro con acabado de pintura acrílica, así como sellado de xuntas das partes da fachada rematadas con chapa de pedra.

A edificación (referencia catastral 6349335NH2465S) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UNC1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.427,36 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1.491,93 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CRISTINA CASTRO AGRA, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta de poliéster, de 8 m. de longo por 3 m. de ancho, nunha parcela sita en Soigrex nº 5- Bastavales.

A parcela (referencia catastral 7414732NH2471S0001TB) na se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A piscina afastarse como mínimo a 3 metros dos lindes particulares e a 8 metros do eixo do camiño.

- A profundidade do vaso será inferior a 1,50 metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 317,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 381,77 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RODOLFO ALBERTO PEÑA SALAS, na que comunica que vai realizar obras nunha parcela sita en Gronzo nº 4 - Brión, consistentes en: Reconstruír un muro de pedra existente, na entrada da parcela e instalación dun portal de entrada a parcela. O muro a reconstruír, das mesmas características que o existente, situarase a 4 m. do eixo do camiño público, terá un espesor de 60 cm. e unha altura de 1,50 m., coroado por enriba con malla metálica. O portal a instalar será de aluminio, con porta corrediza, cunhas dimensións de 2,80 m. de ancho e 1,50 m. de altura. A lonxitude total do peche, portal incluíndo, será de 7,93 m.

A parcela (referencia catastral 4752905NH2445S0001PU) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1), e atopase dentro da zona de afección dun regato.

A Xunta de Goberno Local, a vista da autorización de Augas de Galicia de data 18/01/2024 (clave DH.W15.96754) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguinte condicións:

- A altura máxima do peche non pode superar a altura total de 1,80 metros.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 164,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AMELIA PÉREZ MOSTEIRO, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta, tipo 3B, segundo a definición do Decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia, en Brans de Abaixo 39 – Brión.

A parcela (referencia catastral 7066205NH2476N0001JT) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 309,99 euros.

TERCEIRO-. LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita no lugar do Cabo 26, Os Ánxeles, abrindo unha gabia de 4 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez en data 04.10.2023.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 7645813NH2474N0001OJ) aséntase sobre un ámbito de solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 161,82 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 20210000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 32,36 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 96,93 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a un conxunto de tres vivendas unifamiliares emprazadas en Avda. Santa Minia 83 - Brión, abrindo unha gabia de 8 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña de data 18/04/2023, (expte. 1103/23).

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 6362501NH2466S0001TO) aséntase sobre un ámbito de solo urbano.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 04/03/2024 (expediente 3131/23), do informe do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, do 23/10/2023 (expediente nº IF204A/AC/2023/0723), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.596,64 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 20210000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 159,66 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 224,23 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cirugeda García, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza para obras de mantemento da infraestrutura de gas canalizado que afecta a beirarrúa a altura do nº 26 da Avda. dos Ánxeles. A actuación consiste en substituír a tapa alí localizada aos efectos de realizar as oportunas tarefas de mantemento da instalación, segundo proxecto técnico asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Madrid de data de 08.02.2024 (expte. 2401292/01/).

A obra a realizar emprázase sobre un ámbito de solo urbano consolidado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberase repoñer o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 100,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,84 euros.

- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,41 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha parcela sita no lugar de Gundín s/n – Os Ánxeles, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez en data 29.08.2023.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 5140801NH2454S0001OJ) está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas non consolidadas pola edificación: Ordenanza nº 8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a licenza de obras solicitada, xa que segundo informe do arquitecto municipal non se ten xustificado a necesidade do subministro, ao terse comprobado que na citada parcela non existe construción implantada, nin consta se teña solicitado ou estea en trámite a solicitude para a execución da mesma.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por AMELIA PÉREZ MOSTEIRO na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Brans de Abaixo 39 – Brión.

Con data 03/05/2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Amelia Pérez Mosteiro, para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Brans de Abaixo 39 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo, visado con data 11.11.2021 e documentación complementaria visada con data 17.02.2022 e 18.04.2022 (expte. nº 2106585).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo con data 20.11.2023, visado polo Colexio oficial correspondente con data 28.11.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57euros.

QUINTO.- DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jaime Ramos Vilariño, que di actuar en representación de COMERCIAL RIVAS, S.L., na que comunica o inicio de actividade sobre unha nave existente destinada a fabricación de tubos de formigón para destinala á fabricación de materiais de construción en formigón, cemento, xeso, escaiolas e outros, emprazada no lugar de Soigrex, Os Ánxeles.

As parcelas (referencias catastrais: 6843801NH2464S0001RZ e 6843802NH2464S0001DZ), en consecuencia a totalidade na nave existente e destinada, tal e como se pon de manifesto na solicitude para albergar unha actividade de venda de materiais de construción e elaboración de elementos prefabricados de formigón, están dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2, onde o uso característico é Residencial-vivenda en 1ª categoría (vivenda unifamiliar).

A actividade vixente a día da data foi tramitada no seu día ao amparo do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, contando con licenza definitiva de actividade: "INDUSTRIA DE TUBOS DE FORMIGÓN", concedida por resolución da Alcaldía de 23 de xuño de 1973.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Iniciar o trámite para a declaración de ineficacia da comunicación previa de inicio de actividade posto que segundo informe do arquitecto municipal de data 14.03.2024, a comunicación previa presentada non cumpre os requisitos esixidos na lexislación urbanística vixente para constituír título habilitante para o inicio da actividade.

2º) Impoñer como medida cautelar a prohibición absoluta de inicio de uso ou actividade obxecto deste expediente, de conformidade co disposto nos artigos 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, artigo 146 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia, e artigo 362 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, ao establecer que unha vez se comprobe a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, determinarase a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar, polo que se imporá as medidas cautelares necesarias para que dita construción non poida ser usada a tal fin.

3º) Conceder ao interesado un prazo de audiencia de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación correspondente a este acordo, a fin de que poida presentar as alegacións, xustificacións e documentos que estimen oportunos.

4º) Notificar este acordo ao interesado facéndolle constar que contra a medida cautelar de prohibición de inicio de uso ou actividade cabe recurso en vía administrativa ou contencioso-administrativa, mentres que contra o inicio do trámite para a declaración de ineficacia da comunicación previa de inicio de actividade, por tratarse dun acto de trámite, non cabe en principio recurso ningún, sen prexuízo de que poda interpor os que estime oportunos.

SEXTO-. LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARTA CARMONA CAMPOS solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Bastavaliños 45 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Ester Suárez Barbeito, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 29.02.2024 (expte. 2400945). A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7520309NH2472S0001IF) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Ester Suárez Barbeito, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 29.02.2024 (expte. 2400945).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 30.11.2021 coa licenza de segregación concedida para a parcela con referencia catastral nº 7520309NH2472S0001IF), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo a fronte da parcela (soleira de formigón de cor, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público), deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar non implica título habilitante para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses

de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.513,14 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 136,31 euros.

Total: 2.649,45 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de PASCUAL GALLEGU DELGADO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina en Casaldoeiro 13 – Bastavales, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.11.2023 (expte. 2306044).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7511411NH2471S0001LB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.11.2023 (expte. 2306044).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (151,00 m² asinados en documento administrativo de cesión), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (soleira de formigón de cor, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público), deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar e edificación auxiliar non implica título habilitante para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 151,00 m². destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 21 de marzo de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 6.031,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 660,96 euros.

Total: 6.691,96 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Brenlla Romarís, que di actuar en representación de JOSÉ RAMÓN CURRAIS ESPARÍS, na que solicita licenza para a demolición dunha edificación ruínosa emprazada no lugar de Ons de Abaixo s/n, segundo proxecto técnico asinado pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Galicia con data 23.08.2023 (expte. 23002139) e documentación complementaria de data 01.02.2024.

A edificación (referencia catastral 1988609NH2418N0001XG) onde se van executar as obras aséntase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (SNR), séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM, normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-1).

Visto o expediente tramitado para a declaración de ruína, a Xunta de Goberno Local á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 13/06/2023 (expte. 2162/22), e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Resolver o expediente de declaración de ruína incoado por resolución de alcaldía do 26 de novembro de 2023, e declarar na situación de ruína prevista no art. 141 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, a edificación sita no lugar de Ons de Abaixo - Brión, parcela catastral 1988609NH2418N0001XG da que é titular José Ramón Currais Esparís.

2º) Conceder a licenza de demolición solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de

Galicia con data 23.08.2023 (expte. 23002139) e documentación complementaria de data 01.02.2024, onde se define o estado definitivo da parcela unha vez demolida a edificación, e ás condicións impostas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 13/06/2023 (expediente (expte. 2162/22), polo que non se autoriza a intervención no peche da parcela.

.- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

.-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos de acordo co previsto ao respecto pola vixente Lei 2/2016 (artigo 145.2)

.-Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de tres días, mediante oficio debidamente Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

.- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.-Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

.-Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

.-Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 25,43 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 121,46 euros.

SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DE COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de LUÍS GUTIÉRREZ MOLINA, na que solicita modificación da autorización de obras concedida pola Xunta de Goberno Local o 01.08.2023 para a construción dun peche de parcela en Vilas 36, Bastavales, por cambio de materiais no peche, nos seguintes termos:

Onde se solicitou:

.- Na separación cos lindeiros con 3 filas de bloques de formigón en cor branco, ata unha altura de 1,20 m. e reixa metálica por enriba ata unha altura de 1,80 m., medidos sobre a rasante natural do terreo.

.- No fronte da parcela, en contacto coa vía pública, con paneis prefabricados de formigón e colocación dunha porta de acceso para vehículos e dunha porta de acceso peonil.

Agora se solicita:

.- Peche (19,40 m. + 26,56 m.) con zapata e muro de formigón ata 60 cm. de altura, postes metálicos e panel hércales de 1,20 m. de altura e una porta peonil no mesmo material no tramo 26,56.

.- Peche frontal (20 m.), con zapata e muro de formigón ata 120 cm. de altura, portal corre道ira de aluminio de 3, e porta peonil de 1 m.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a modificación da comunicación previa solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 57,81 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 122,38 euros.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,55 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González